

# A ANÁLISE AXIOLÓXICA DE CONTOS INFANTÍIS DA DIDÁCTICA DA ÉTICA

Anxo González Fernández

## 1. A DIMENSIÓN AXIOLÓXICA E EDUCACIONAL DO CONTO.

Entre os obxectivos da clase de Ética, nos niveis escolares da E.X.B., destacan, por un lado, a capacitación para facer *lectura axiolóxica da realidade* e, por outro, a formación da *capacidade estimativa*.

Ó falarmos de lectura axiolóxica da realidade tentamos de referirmos á capacidade, que é preciso formar no neno, para recoñecer na realidade os feitos que posúan significación axiolóxica, sexa esta de senso positivo ou sexa de senso negativo. Trátase de suscita-la *consciencia axiolóxica*; é dicir, a capacidade de se decatar do positiva ou negativamente valioso na orde moral, dando cabo, así, coa cegueira axiolóxica que esta nosa sociedade parece empeñada en crear e manter, ó estimula-la captación duns valores; neutralizando, por tódolos medios, a captación doutros.

E, unha vez recoñecidos os valores, é preciso facer deles unha *estimación crítica*; còmpre situalos, ante a apreciación do suxeito concreto, naquel lugar preciso que lles corresponde na escala axiolóxica obxectiva, con independencia do común sentir dos diferentes ámbitos sociais ou das xentes, sempre, en maior ou menor grao, interesadas.

Os obxectivos que aquí se expresan entran dentro do que cabería considerar dimensión cognitiva do comportamento moral; afectan, en exclusiva, á liña do coñecemento e á das valoracións estimativas. E, en efecto, estes son, na práctica, os aspectos ós que, fundamentalmente, cabe atender dentro do marco da clase de Ética. A dimensión afectiva e a motivacional do comportamento moral, con toda a súa incuestionable transcendencia, caen máis alá do marco teórico da clase.

Agora ben, tal como Piaget e mais Kohlberg(1) puxeron moi de releve, a dimensión cognitiva a respecto do mundo moral, está inscrita na dimensión cognitiva a respecto do mundo en xeral, de xeito que mal poderían acadarse os obxectivos ós que aquí se fai referencia, se non é dentro da captación da multidimensional realidade na que os valores morais se

inscriben. Hai que partir da toma de conciencia da realidade se pretendemo-la toma de conciencia, por parte do neno, acerca da dimensión axiolóxica desta realidade.

A capacidade de captación directa da realidade é, sen embargo, extremadamente limitada no neno. E, non habendo posibilidade de captación directa, imponse a utilización dos distintos procedementos indirectos de que o adulto se serve para facer presente ante a infancia os diferentes niveis e dimensións da realidade, incluíndo, lóxicamente, os propiamente axiolóxicos.

No contexto desta presentación da realidade ante o neno inscríbese o conto. Neste "constructo" literario preténdese, en efecto, pola vía da descrición, pola da narración e, aínda, pola vía da mesma fabulación, reflexar ante o neno a realidade nalgunha ou en varias das súas dimensións.

No conto pode aparecer xa a realidade na liña do seu *acontecer epifenoménico*. É a liña do sucedido; a da realidade anecdótica, máis ou menos tinguida de proxeccións imaxinativas.

Pero no conto comparece tamén, máis alá dos sucesos ou das fabulacións, e a través delas, o plano do *acontecer transfenoménico*; é dicir, as grandes liñas rectoras do acontecer da realidade: enfrontamento de forzas de signo dispar, dinámica de grupos sociais, leis rectoras do discorrer cósmico ou do devir histórico, etc.

No conto está presente tamén e latexante o *plano da subxectividade*, coa súa variopinta coloración de apetencias, inclinacións, afeccións, convencementos, etc. A dinámica da subxectividade pode suscitar incluso a necesidade de transformar ou deforma-lo curso do acontecer epidefoménico; a fabulación, nalgún dos seus esenciais aspectos, é unha violentación da realidade, en pro do incremento da súa expresividade, nun semellante senso ó que concorre coa violentación figurativa no expresionismo pictórico.

Por último, no conto aparece un cuarto nivel de realidade: o plano das *interpretacións axiolóxico-culturais*. A realidade, que xa de seu ostenta compoñentes axiolóxicos, asentados na obxectividade mesma, foi de sempre obxecto de estimacións axiolóxicas, máis ou menos formalizadas, por parte das diferentes culturas, cando non por parte, inclusive, dos autores concretos.

Ante unha presentación da realidade tan potencialmente rica cómpre indagar, en primeiro lugar, e dentro do que é o marco da clase de Etica, *ata que punto a presentación que se fai da realidade é fiel*, en relación coa obxectividade ou se, pola contra, se trata, no caso, dunha visión parcialista ou sesgada, amañada en función de pretensións, máis ou menos encubertas, e xa de seu axiolóxicas.

Este último suposto é frecuentísimo, por non dicir habitual, no conto. Unha longa tradición moralizante, aínda que moitas veces non opere máis que a nivel de moralexa, impón, non obstante, unha matización axiolóxica que se sobrepon a toda posible pretensión de obxectividade.

En segundo lugar, e en calquera dos supostos, cómpre un *posicionamento estimativo* do neno, tanto fronte á multifacial realidade obxectiva, como fronte ás manipulacións axiolóxicas coas que esa realidade nos é frecuentemente presentada.

Na liña destes obxectivos concretos inscríbese a análise axiolóxica de contos infantís que, curso tras curso, vimos realizando na clase de didáctica da Etica na Escola de Maxisterio de Santiago. Un destes comentarios, fruto de aportacións multidireccionais, tanto do profesor coma dos alumnos, é, precisamente, o que imos expoñer aquí, nas súas liñas xerais.

Trátase da análise de *La bella durmiente del bosque*, segundo a versión dos irmáns Grimm, que reproducimos.

A análise que aquí se ofrece, como é doado advertir desde o primeiro momento, refrexa os puntos de vista e as perspectivas concretas do profesor e a dos alumnos-futuros mestres e, por conseguinte, destacan nela as acotacións propias da docencia, escaseando máis as aportacións feitas desde o ángulo discente, moi tido en conta, naturalmente, per non presente nin actuante. O cal quere dicir que o traballo, de modo ningún completo, remite, inexorablemente, a unha segunda parte, na que sexa o neno, fundamentalmente, quen fale.

## 2. A ANÁLISE DE ELEMENTOS XENÉRICOS SIGNIFICATIVOS

Moitos dos valores presentes ou significativamente ausentes dun conto son presencias propias xa e típicas do xénero ó que o conto en concreto pertence. E isto é o que sucede a propósito de *La bella durmiente del bosque*.

### 2.1. Inventario de valores xenéricos

É preciso comenar por destacar que estamos ante un *conto de fadas*, co seu compoñente máxico-imaxinativo, e que estamos tamén ante un *conto de reis, nobres, príncipes e princesas*, todo un amplo xénero, que, de seu, comporta xa un mundo de valores típico.

#### 2.1.1. Fadas: a fantasía e a realidade

É sabido que as fadas non son cousa de contos, ou, alomenos, non son só cousa de contos. Hainas, como se día das bruxas. E, porque as hai, aparecen nos contos, como aparece o lobo, o leñador ou os inaniños do bosque.

As fadas son o brazo executor do desexo, e á medida, inmensa, do desexo. Como o desexo vai sempre moito máis alá da nosa limitativa facticidade, alén de nós mesmos e do estreito circo das nosas posibilidades, tiña que ter, da banda da realidade obxectiva, o seu imprescindible correlato. Sería incongruente e absurdo que a xigantez do desexo ficase sobre valeiro, sen correspondente resorte de efectividade. Para iso están as fadas. E gracias que as hai, porque, se non, habería que inventalas.

Como hai desexos bos e desexos, tamén, malos, así hai, en correspondencia, fadas boas e fadas malas. No noso conto están as sete fadas boas e a fada do tempo, a mala fada.

#### 2.1.2. Reis, nobres, príncipes e princesas, a realidade "social" de proxección

Os contos representan, moi frecuentemente, historias de *alta sociedade*, da "Jet", diríamos cun término acuñado ad hoc nos tempos recentes. Ó pequeno lector elle doado proxeccionarse sobre ese estamento, superando nas súas aventuras as propias limitacións ou frustracións e satisfacendo, nos seus éxitos e triunfos, os máis acariñados desexos propios.

Hai un *mecanismo psicolóxico de proxección-alienación-compensación-satisfacción* que explica a permanencia do xénero e as adicións que desperta, aínda en ambientes e sociedades onde o estamento aristocrático foi barrido hai moitos anos. Este mecanismo, que ten que ser debidamente valorado, non é en nada distinto ó que explica a avidez con que o público lector da *prensa do corazón* consume novas, rumores, contos e fantasías en relación coas vidas dos personaxes da chamada "Jet".

### 2.2. Posicionamento crítico ante eses valores

No marco da nosa clase discuteuse longo e profundo sobre se hai que considerar ou non

positivos para o neno este tipo de contos. ¿Que cómpre dicir dos contos de fadas, desde a nosa perspectiva moral? ¿Que cabe sinalar a propósito dos contos de reis, nobres, príncipes e princesas, a "jet" imaxinativa do mundo dos contos?

### **2.2.1. O discorrer "salvador" do soñar persoal**

Destácase, en primeiro lugar, que os contos de fadas, con toda a súa imaxinativa parafernalia, van en liña coa inesgotable capacidade fabuladora do neno. E recoñécese, sen obxeción, que é positiva a estimación que hoxe se fai, por parte dos grandes educadores, da capacidade imaxinativa do neno e de todo canto poida contribuir a alimentala.

Mais, por riba aínda de todo isto, destácase o natural valioso de todo canto fai soñar ou, alomenos, deixa soñar... Desde Freud ninguén dubida da efectividade dos mecanismos do soño como válvula de escape a respecto de tensións doutro xeito non liberables. A realización imaxinativa do desexo ostenta, tanta máis capacidade de satisfacción, canto maior sexa o nivel de realismo con que o individuo vive a acción fabuladora.

Sartre dicía que a loucura era a solución imaxinativa coa que un individuo, en remate, dá e que lle permite vivir unha situación doutro xeito invivible. Eis aquí a loucura como saída, como, incuestionablemente, "salvación"; a salvación asumida para sempre e con todas as súas consecuencias.

Agora ben, hai outra dourada loucura, de entidade, desgraciadamente, pasaxeira e inexorablemente destinada a curarse co tempo: a infancia. As solucións imaxinativas teñen aquí carácter máis ou menos circunstancial; teñen o seu tempo marcado polo reloxo da bioloxía. Pero, ó que iamos: son, na súa circunstancialidade e na súa febleza, solucións, "salvación". Aínda, moito máis alá da idade dos contos, ese neno que todos levamos dentro porfiará por que o deixen soñar e acadar para nós, pola vía do soño, a golpe de varíña máxica, a salvación que a despedada realidade nos nega.

Marisa Bortolussi destaca, nun parecido senso, a dimensión experimentadora do conto (2): permite ó neno adentrarse no amplo e proceloso mundo, implicándose en coxunturas de todo tipo e vivenciando as máis insólitas situacións, sen, por elo, arriscar o máis mínimo a seguridade do seu propio e habitual asentamento vital.

### **2.2.2. O soñar por proxección vicariante**

A discusión dentro da clase permite chegar a constatar que esta dimensión experimentadora do soño resulta enormemente potenciada cando o soñar se fai por vía de *proxección vicariante*. Neste caso, en efecto, o suxeito non se soña xa a el mesmo como protagonista das situacións ou lances a que o conto conduce; pola contra, o suxeito vive as venturas e desventuras alleas en tanto que alleas. Por moito que a imaxinación traballe non é o suxeito capaz de se ver ou se sentir rei, príncipe ou princesa. Mais proxéctase neses personaxes e vive as súas aventuras como propias; desfruta cos seus disfrutes e sofre cos seus sufrimentos.

Os personaxes do conto, sen perderen o seu carácter alleo, a respecto do suxeito, alongan, con todo, indefinidamente as dimensións do vivir persoal deste; onde, en efecto, o suxeito non dá chegado, nen sequera de forma imaxinativa, chegan os personaxes con quen este suxeito, nalgún grao, se identifica.

De parecido modo ó que acontece coas "fans" dos personaxes da "jet", non se trata só de saber doutras vidas. Trátase de *vivi-las vidas* de outros. O cal, incuestionablemente, alonga poderosísimamente o horizonte do limitativo vivir persoal.

Á hora de facermos estimación crítica desta situación houbo que constatar, en primeiro lugar, que se trata dunha situación de alienación que, evidentemente, pode ser vivida en moi diferentes niveis. Hai alienación no senso de identificación endopática *con* ou transvase *cara a* realidades alleas. Este transvase ó alleo pode levar consigo, en maior ou menor grao, un esquencemento das realidades propias e, nese mesmo senso, un empobrecemento persoal, re-creable, a todas luces, desde a perspectiva dunha sana moral.

Outra cousa acontece, sen embargo, cando a vivenciación endopática do alleo non comporta despegue do propio ser persoal, que se ve, deste xeito, alongado e potenciado. Partindo entón do suposto de que bo é todo aquilo que axuda a un suxeito a vivir, sen perxudicar a ningún terceiro, estas ampliacións do vivir persoal, sequera sexan imaxinativas, deberán ser calificadas como, incuestionablemente, positivas.

### 3. A ANÁLISE DE VALORES ESPECÍFICOS

Sobre este cadro de valores, típicos do xénero no que o noso conto se inscribe, érguese e mantéñense os valores específicos, os propios deste conto en concreto. Hai, así, valores presentes xa na estrutura argumental ou na estrutura temática do conto; hainos tamén que aparecen, coa súa propia cara, como valores de fondo: un cadro axiolóxico promocionado de forma explícita polo propio conto. Hai, por último, valores que se fan presentes ó longo do relato, pero que, non afectando á estrutura, son de ocasional e fuxidía comparecencia.

#### 3.1. Os valores estruturais: a estrutura argumental

En *La bella durmiente del bosque* reproducíase perfectamente a estrutura argumental que Maria Cortulossi(3) descobre na práctica totalidade dos contos dos irmáns Grimm.

Hai, en efecto, punto de arranque *nunha situación ou estado inicial de crise*, representada, no noso conto, pola consternación que produce en tódolos asistentes á festa a maldición da vella fada do tempo. Hai un segundo momento, un *periodo de dificultade, proba ou sufrimento* no que a nosa princesiña vai ser colocada: o longo sono de cen anos. E hai, por último, o *periodo de salvación*: a nosa protagonista recibe, tamén por vía de encantamento, a axuda que lle permite superar con ben a súa dificultade e dar cun remate feliz. Esta estrutura non difire en grade cousa con respecto ó esquema formal da trama do conto maravilloso, tal como o presenta Vladimir Propp(4).

##### 3.1.1. Inventario de valores argumentais

Destácase neste apartado, e en relación co noso conto, a presentación que se fai da *vida como crise, como dificultade*, da que se pode saír con ben ou da que se pode saír con mal. En todo caso, queda claro que esta crise, coas consecuencias concretas que dela se poidan derivar, é resultado da intervención dun destino ou, alomenos, dunha *forza ou poder preternatural*.

A situación de adversidade na que se coloca á inocente protagonista do relato fai xurdir nos xoves lectores o profundo sentimento da *endopatía dolorosa* e, por riba aínda de todo iso, a esixencia de *restablecemento da xusticia quebrada*: non se pode consentir un triunfo, así gratuito, do mal.

O restablecemento da xusticia, e a felicidade, como *compensación* polas dificultades sufridas, demandan unha última intervención dos poderes prenaturais, aínda que estes operen a través das preocupacións e da curiosidade dun príncipe aventureiro, a quen se lle abren "misteriosamente" as portas do pazo encantado onde dorme un sono de séculos a nosa bela princesiña.

### 3.1.2. Posicionamento crítico

Destácase aquí como axustada a presentación que se fai para o neno da vida como crise ou dificultade, e aínda a necesidade de contar co feito da inxusticia: está ahí.

Neste mesmo senso, tamén se considera positivo o afán por despertar-lo achegamento endopático ó ser inxustamente tratado, así como o afán por facer xurdir no xove lector a esixencia de xusticia, a demanda de final feliz.

Non merecen, sen embargo, a mesma calificación dos participantes o feito de se atribuíren tanto as venturas como as desventuras á exclusiva intervención de poderes preternaturais. Veuse, cando menos, perigoso o tratar de acentuar no neno a súa natural inclinación a ver irrupción de misteriosos poderes no acontecer ordinario da vida diaria. En efecto o providencialismo pasivo e irreflexivo que no conto se palpa podería conducir a unha consolidación do infantilismo, que os freudianos considerarían propio da fase oral, e que, en todo caso, levaría á estúpida situación de quen deixa pasa-la vida na gratuíta espera de que sexa un golpe de fortuna quen, en remate, veña a resolve-los seus problemas.

### 3.2. Os valores estruturais: a estrutura temática.

Máis alá da liña argumental, o grande fondo temático que se fai presente, unha vez máis, neste conto concreto é a concepción da realidade como enfrontamento maniqueo entre o ben e o mal. Hai, desde esta perspectiva, unha concepción obxectivista do mal e unha concepción obxectivista do ben, segundo a cal o ben e o mal non son resultado dun comportamento concreto, dunha forma de actuar; pola contra, son os comportamentos, as formas de obrar, boas ou malas, as que son inexorable consecuencia de que quen actúan pertencen ó bando dos bos ou ó bando dos malos. Non se é segundo se actúa; ó revés, actúase, inexorablemente, segundo se é. "Los personajes no tienen posibilidad de evolucionar o cambiar en el curso de una obra. Son máscaras sociales y estereotipos morales, rígidos, predeterminados e inmutables"(5).

#### 3.2.1. Inventario de valores temáticos.

Con independencia da presentación que se fai no conto do ben e do mal ontolóxicos e, como consecuencia deles, do ben e do mal morais, a maior parte dos valores comparecientes no conto están enucleados en torno ós mecanismos ónticos e operativos da chamada *moral naive*.

Os mecanismos da moral naive céntranse, fundamentalmente, na esixencia de que a realidade se acomode ás demandas, máis ou menos inxénuas, da xusticia. Esta esixencia é afervoado desexo no lector e xurde nel como consecuencia das vibracións endopáticas coa inocente princesiña, tan inxustamente tratada; mais, por outro lado, é tamén compoñente fundamental dentro da peculiar lóxica e da peculiar onticidade do conto; sen que a xusticia sexa reclamada e, sobre todo, sen que ela se cumpra, non hai conto; ela é a que articula o nudo problemático da historia co seu inexorable feliz desenlace: a compensación.

Agora, en todo caso, esta esixencia só vai poder cumprirse pola intervención decisiva dunha forza preternatural benévola: os axentes do ben ontolóxico, chamados a triunfar sobre o mal.

Hai, pois, un amplo abano de valores; a inxusticia, a vibración simpática, o desexo de xusticia, a esixencia ontolóxica de restablecemento do ben, que se traducirá en incuestiona-

ble imposición de final feliz, o premio ou xusta compensación, o castigo, etc. Están prácticamente tódolos contidos propios do conto popular, ós que se refire Rodríguez Almodovar: "desperta sentimentos de solidariedade e de rechazo, de afecto e reprobación; transmite desexos de superación de dificultades, de combater o mal, etc.".(6).

### **3.2.2. Posicionamento crítico.**

Con independencia do maior ou menor grao de inxenuidade, presente na esixencia, a ultranza, do restablecemento da incuestionable posición prioritaria e triunfante do ben (un final feliz), tan presente na moral naïve, recoñécese nesta, con todo, o valor indubidablemente positivo, de presenta-la demanda de xusticia como toda unha esixencia lóxica e, aínda, ontolóxica.

Nesta mesma liña, conta tamén entre o positivo a utilización das máis eficaces técnicas para despertar no infantil lector o desexo ardente de que se restableza o quebrado equilibrio da xusticia.

Agora ben, as unanimidades xa non se dan á hora de valora-lo feito de que este restablecemento se ofrezca exclusivamente como condicionado á intervención dun elemento máxico ou preternatural. Pero, aínda así, tampouco deixou de se consignar que o neno salvo raras excepcións, que, en todo caso, deben ser tratadas adecuadamente, aprende moi pronto a deslinda-lo campo das solucións fantásticas, típicas do conto, do campo da realidade obxectiva auténtica, do mesmo xeito que dá pronto coa clave para distinguir o que son "cousas do cine", coas súas maravillas e os seus portentos, do que son as realidades do normal acontecer da vida diaria.

Os nenos imitadores do popular personaxe de Pipi Calzaslargas, que se botaban ó aire desde as ventás para voar, coma o protagonista da serie televisiva, foron unha triste, pero numericamente limitadísima, excepción. Os nenos distinguen ó momento o que son as solucións propias da linguaxe da fantasía, do que son as solucións que pertencen á núa realidade do acontecer obxectivo.

Desde esta perspectiva, xa non ten por que ser interpretada coma absolutamente negativa, por perigosa de provoca-la confusión entre a fantasía e a realidade, a apelación á solución máxica. O feito inscribíase, ademais, na dinámica *experimentadora* do conto, á que antes fixemos referencia: ofrece a posibilidade de facer, e aínda de conquistar, sen, pola contra, comprometer nin arrisca-lo caudal da propia capacidade de acción.

O cal tampouco serve para que deixemos de recoñecer que a presentación ante o neno das auténticas posibilidades de solución para a situación de inxusticia, fundadas nas aportacións do laborar persoal, non sexan enormemente máis positivas, por, incuestionablemente, máis moralizantes.

### **3.3. Os valores estruturais: a estrutura axiolóxica de fondo.**

No conto tradicional, aínda con independencia da súa concreta configuración temática e argumental, hai unha itencionalidade axiolóxica explícita, por máis que, en ocasións, ésta poida quedar a nivel de simple "moralexia". Tolkien destaca isto, a propósito das construcións de carácter mítico: tienen una insustituible eficacia apelativa, es decir, se caracterizan por querer suscitar una conducta..., una eficacia de mejoramiento ético"(7).

#### **3.3.1. O positivo e o negativo nos grandes valores de fondo.**

É doado salienta-los puntos en que se concreta a pretensión moralizante do noso conto, con independencia da valoración específica que estes afáns teñan que merecemos.

Foi consignada, en primeiro lugar, a solicitude con que no noso conto se trata de suscita-la simpatía pola liña do ben e a antipatía pola do mal. Os personaxes encuadrables dentro do bando do ben resultan atrafantes e o seu obrar, suxestivo. Pola contra, aparecen como repugnantes os que pertencen ó bando do mal, e como reprobables os seus comportamentos.

Agora, ó lado disto cómpre salientar tamén que o ben e o mal, no conto que comentamos, son, fundamentalmente, os da princesiña protagonista. Este ben e este mal son un absoluto e, a respecto del, todo o demais é relativo. Se se entende que o ben da princesiña esixe que os fusos de todo o reino sexan queimados, a xente quedará sen fusos(8), e iso é o que se considera lóxico e, por suposto, na liña do ben. No fondo segue a vixir un medievallismo axiolóxico e, segundo el, o bo para o príncipe é o bo tamén para os seus súbditos.

En consecuencia con esta sinalada primacía do ben, o conto tenta de disuadir da práctica do mal. Aínda que, como no noso conto, o mal non resulte, na práctica, especialmente penado, parece claro que o seu exercicio non é compensatorio: en definitiva, o mal fracasa; resulta vencido. É moito máis satisfactoria a práctica do ben: é alzarse ó carro dos triunfadores.

Conta tamén entre o positivo o feito de que, como consecuencia do triunfo do ben e do indefectible final feliz, se afiance no neno lector a actitude esperanzada e, en definitiva, confiada na realidade. "Si carece de estes finales alentadores, di Bettelheim, el niño, después de oír el relato, sentirá que no existe esperanza alguna de solucionar sus problemas"(9). Ben sabido é, polo demais, canto inflúe na configuración da personalidade, e na súa activación emprendedora e creadora, a actitude de confianza na realidade.

Por último, á hora de intentar completar unha estimación de valores, é preciso non perder de vista o medievallismo sociopolítico e, polo mesmo, tamén axiolóxico en que o conto se move e que empapa a personaxes, sucesos, lances e escenarios, no senso que se irá, logo, especificando. En definitiva, non se pode esquencer, á hora de consignar insuperables limitacións, que "estas narraciones no sólo heredan de la Edad Media sus castillos, sus caballeros andantes y su cultura material, sino también su moral"(10).

### **3.4. As personificacións das grandes categorías axiolóxicas.**

As categorías axiolóxicas ás que nos temos referido, e que están engranzadas xa na mesma estrutura do conto, fanse tamén explícitas na liña narrativa da man dos personaxes, dos mesmos escenarios e, en todo caso, das diferentes situacións concretas. Os valores de fondo fanse presentes, con maior ou menor acerto, nestes elementos da liña narrativa e, polo mesmo, cumprirá xulgar acerca do axuste ou desaxuste con que esta presenza se realiza.

O asunto é de grande transcendencia para a didáctica da ética. E frecuente, por exemplo, que o personaxe ou os comportamentos explícitamente presentados como bos, non o sexan en efecto, segundo doadamente se descobre tras da correspondente análise. A capacidade de ir máis alá dos propósitos e aínda das explícitas pretensións moralizadoras do conto é importante, se se quere formar no neno auténtica consciencia axiolóxica.

#### **3.4.1. As personificacións do ben.**

Nos nosos coloquios nunca houbo dificultade en precisar quen, de entre os personaxes, se alinean no bando dos bos e quen o fan no dos malos. As unanimidades québranse, pola contra, cando se trata de determinar se, tanto uns coma outros, son auténticamente aquilo polo que se os pretende facer pasar.

Ninguén dubida, así, de que o rei milita entre os bos. Desde as primeiras liñas, fálese del como "un bondadoso rey"(11). Agora, ¿é tal? Eo desde a perspectiva e a dinámica axiolóxica propia do conto. É dicir, é bo *en relación con*; enténdese en relación co ben da princesiña protagonista, que dá unidade e senso ó propio conto.

Isto non obstante, hai nas actuacións do rei fundamento para considerar que nos atopamos ante unha concepción realmente *sesgada e unidimensional* da bondade. En efecto, este *bondadoso* rei non dubida, por exemplo, en facer que tódolos fusos e tódalas rocas sexan queimados(12). E non dubidará tampouco en que a orde se cumpra "baixo pena de morte".

Aínda que unha orde así poida ser considerada coma boa para os intereses da princesiña, obxectivamente non o é de modo ningún. Pero isto último xa non interesa á unidimensional montaxe axiolóxica do conto: bo é o *bo para* a nosa inocente protagonista. Estamos ante unha auténtica instrumentalización mediatizadora do cadro de valores.

Esta mesma distorsión axiolóxica, suscitada polo carácter enucleante e catalizador outorgado á función protagonística, aparece nos demais integrantes do bando dos bos: as seis fadas e o príncipe desencantador.

É singularmente significativo o que acontece coa fada nova, a *fada da felicidade*. O encantamento ó que vai someter á princesiña, e que a fai durmir durante cen anos, é, para ela, un ben, se se compara coa morte á que substitúe. Pero a este mesmo encantamento van ser sometidos, por obra e gracia desta mesma fada, outros moitos personaxes: músicos, damas, cabaleiros, gardas, paxes...(13). E este encantamento por cen anos, no caso de todos estes personaxes, xa non substitúe a ningún mal maior, polo que é preciso consideralo, en si mesmo e para eles, como un mal. Pero, en definitiva —e a isto iamos— trátase dun mal en función dun ben maior, aínda que este sexa para outros; trátase, pois, dun ben: que a princesiña, ó despertar, se encontre rodeada de amigos, coñecidos e servidores, todos de festa (14). Eis aquí, unha vez máis, a distorsión axiolóxica: bo é o bo para o personaxe con quen se simpatiza, e o demais non conta, nin posúe, de seu, senso propio.

Longamente comentado e criticado foi tamén o cadro das virtudes que cada unha das fadas vai ofertando á princesiña: a *bondade*, a *fermosura*, a *simpatía*, a *caridade*, a *intelixencia*, o *amor*...(15). Xuntas configuran a tipoloxía axiolóxica propia da princesiña dos contos. É curioso destaca-la ausencia da *xusticia*, da *laboriosidade*, da *ecuanimidade*, da *solidariedade*, da *capacidade de entrega*, etc., ausencias todas que farán extremadamente deficiente un cadro axiolóxico que, polo demais, no que ten de presencias efectivas, non resiste tampouco unha análise mínimamente detida. E non digamos xa ese carácter de donación ou presente que se lle dá á virtude, entendida, máis como propiedade inherente ó ser e a función de princesa, que como resultado dun laborar ético-creativo.

Comentado foi tamén, dentro deste mesmo apartado, o carácter *salvador* e mesmo *enseñoreante* e *dominador* que matiza a peculiar bondade do príncipe desencantador, e o trasfondo machista presente en quen bica na princesa coma quen posúe(16). En definitiva, tamén o ben da princesiña está, cecais, en deixarse posuir: no conto o bico posesionador e a salvación van xuntos.

### 3.4.2. As personificacións do mal.

O bando das personificacións do mal, entre as que aparecerá a mesma *morte* e, incluso, o *encantamento*, está presidido pola *fada do tempo*. Esta foi recoñecida sempre, nos coloquios, como auténticamente mala: aínda concedendo que o seu enfado inicial fose xustifica-

do, a súa reacción aparece como de todo punto desproporcionada, ó pronunciarse rotundamente pola sentenza de morte contra a inocente princesiña recém nacida.

Agora, é de destacar tamén a *concepción instrumental do mal*, no noso conto. O mal está para que o ben resalte. Trátase de que a presenza, máis ou menos fuxidía, do mal sirva para aprofundar e intensifica-la aspiración ó ben. Cómpre, en efecto, dispoñer no lector a infraestrutura psicolóxica que lle permita vivenciar con plena fruición o indefectible final feliz. O mal, no conto, está evidentemente, polo ben. O cal non deixa de estar de acordo co que pregoa o popular refrán: "non hai mal que por ben non veña", que ten o seu correlato providencialista na afirmación de que "Deus escribe recto con liñas torcidas".

Non habería moito que obxectar a este optimismo, que pode incluso resultar de utilidade para facer aturable a ferinte presenza do mal nas situacións vitais, se non se pretendera facer del unha lei, coa inevitable secuela de fomenta-la pasividade na espera gratuita do ben, ó que o mal, segundo chega a creerse, conducirá inevitablemente.

Entre as personificacións do mal aparece tamén a morte. E a morte é o mal sen paliativos. De facerse efectiva, en relación coa nosa protagonista, o ben non podería xa chegar a impoñerse. Por iso mesmo, a presenza da morte non pode ser se non fuxidía; só asoma; faise ver como ameaza, pero a lóxica do sistema impón que sexa substituída moi pronto polo encantamento: o sono de cen anos. En remate, os males definitivos non caben cando é o ben quen está chamado a triunfar.

O encantamento é, pola súa banda, un mal, sobre todo para quen, sen comelo nin bebelo, van ser sometidos ó sono dun século, co obxectivo único de facer compañía á princesiña protagonista. E este último -o ben da protagonista- o que redime e dá senso positivo a esta, de seu, personificación do mal, nos precisos términos que máis arriba empregabamos.

#### 4. ANÁLISE DE VALORES DE COMPARECENCIA OCASIONAL NO CONTO

Hai, por último, unha longa ristra de valores que asoman, nalgún intre, ó fío narrativo. A súa comparecencia é ocasional, sen implicarse, propiamente, na estrutura temática nen no trasfondo axiolóxico do conto. Refírome, xa de pasada, a algúns deles.

- "Les dió el cielo una hija"(17), frase á que segue, moi pronto: "celebrar el bautizo" (18). Eis aquí unha fuxidía comparecencia dos valores relixiosos, dentro dese medievalismo estrutural e axiolóxico ó que xa se fixo referencia. Trátase, no fondo, dunha utilización instrumentalizadora dos valores relixiosos, ó servicio, aquí, do absolutismo monárquico e providencialista.

- "bajo pena de muerte"(19); a pena de morte inscríbese aquí no contexto das esixencias dun absolutismo alienador, que, por outra banda, non é obstáculo para que se fale do monarca como de "un bondadoso rey".

- "Os mostraré su manejo"(20). Eis aquí o engano, a mentira, como instrumento do mal.

- "En un alto lecho de oro con dosel de seda y oro"(21). A riqueza e o luxo aparecen como algo natural ou, máis aínda, como algo realmente esixido por quen se atopan integrando a esfera dos dirixentes. Os nenos, deste xeito, asumen moi pronto que o poder e a riqueza van, naturalmente, xuntos.

- "Tocar una marcha nupcial"(22) e, máis adiante, "unos días máis tarde se celebró la boda"(23)... Eis aquí algo que é constante nos contos tradicionais: a felicidade e o matrimonio van necesariamente xuntos. Por outro lado, este matrimonio aparecerá sempre como ineludible disposición do destino. Hai un fatalismo de fondo, absolutamente abarcador.

## NOTAS BIBLIOGRÁFICAS

- (1) PIAGET, *El criterio moral del niño*, Edit. Fontanella, Barcelona, 1971.
- KOHLBREG, *Estadios morales y moralización infantil*, Infancia y Aprendizaje, nº 18, 1982, pp. 33 a 51.
- (2) BORTOLUSSI, M., *Análisis teórico del cuento infantil*, Edit. Alhambra, Madrid, 1985, p. 119.
- (3) Ibidem, p. 53.
- (4) PROPP, V., *Morfología del cuento*, Edit. Fundamentos, Madrid, 1977, p. 75.
- (5) CERDA, H., *Ideología y cuentos de hadas*, Akal, Madrid, 1984, p. 294.
- (6) RODRÍGUEZ ALMODOVAR, A., *Para una ideología del cuento popular*, Rev. Apuntes de Educación, Lengua y Literatura, nº 17, Edit. Anaya, Madrid, 1985.
- (7) ODERO, J.M., Tolkien. *Cuentos de hadas*. Edit. Eunsa. Estella, 1978, p. 101.
- (8), p. 5, liñas 30-34.
- (9) BETTELHEIN, B., *Psicoanálisis de los cuentos de hadas*, Edit. Grijalvo, 1988, p. 204.
- (10) CERDA, op. cit., pp. 275-76.
- (11) P. 3, liña 2.
- (12) P. 5, liña 31.
- (13) P. 7, liña 32 e ss.
- (14) P. 8, liña 34 e ss.
- (15) P. 4, liña 20 a 25.
- (16) P. 8, liña 29.
- (17) P. 3, liña 6-7.
- (18) P. 3, liña 11.
- (19) P. 5, liña 31.
- (20) P. 7, liña 8.
- (21) P. 7, liña 26.
- (22) P. 9, liña 2.
- (23) P. 9, liña 10.



**E**

N un reino lejano vivía, hace muchísimos años, un bondadoso rey y su esposa, la reina. Tanto ellos como sus súbditos, desean un heredero que asegure la sucesión al trono. Y ocurrió que al fin, un día, les dio el cielo una hija, una niña lindísima, rubia como los rayos del sol y con los ojos azules del color del cielo.

Los reyes y los súbditos estaba contentísimos con su princesita y para celebrar el bautizo el rey quiso dar una gran fiesta, a la que invitó a todas las hadas que vivían en los bosques de su dominio. Estas hadas eran siete y cada una tenía una virtud especial. Por eso era natural que, como regalo de bautizo, las hadas regalaran a la princesita cada una su virtud.

Y así fue. Llegó el día de la fiesta y fueron acudiendo

3

los invitados, algunos después de muchos días de viaje.

Las hadas llegaron cuando ya estaban todos los invitados reunidos, pero he aquí que cuando ya iban a cerrarse las puertas e iba a comenzar la ceremonia, el gran chambelán anunció al rey y a la reina que el hada del Tiempo acababa de llegar, muy enojada, porque no había recibido invitación. Hay que aclarar que este hada no había sido invitada porque era viejísima, y como desde muchísimos años antes nadie la había visto, todos creían que se había muerto ya.

El hada pareció quedar satisfecha con la explicación que le dio el rey y éste la acompañó a la mesa donde ya se habían sentado sus compañeras.

Transcurrió la comida con gran alegría, y terminada ésta, todos los invitados fueron haciendo sus regalos a la princesita, que dormía dulcemente en su cuna bien ajena a la fiesta que se celebraba en su honor. Llegado su turno a las hadas, una a una fueron haciéndole el regalo de su especial virtud.

—Mi presente es la bondad.

—El mío la hermosura.

—Yo te regalo la simpatía.

—Yo la caridad.

—Yo la inteligencia.

—Por mi parte, te regalo el amor.

Ya sólo quedaba la vieja hada del Tiempo, que había sido desairada, y la más jovencita, un hada que era nueva en el oficio, pero cuya virtud era nada menos que la felicidad. Y como este hada era nueva, iba observando más que ninguna cuanto ocurría a su alrededor, desosa de no cometer ninguna equivocación. Así fue como se dio cuenta del gesto enojado de la vieja hada. En seguida comprendió que estaba maquinando alguna invidias, y entonces, en lugar de apresurarse a ofrecer el regalo como sus

hermannas, se fue deslizado con cuidado de que no lo notase nadie y se escondió detrás de una cortina. Desde allí espío al hada vieja que se acercaba a la princesita.

—Mi regalo es muy divertido, ¡je, je, je! —dijo la anciana hada—, porque todos los que mis compañeras te han hecho sólo podrán valerte hasta los quince años, ya que cuando los cumplas, te clavarás un huso y morirás.

Puede calcularse el disgusto tan horrible que causaron las palabras de la maligna hada. La reina se desmayó y el rey no pudo ocultar sus lágrimas. Hasta los generales, viendo la amenaza que se cernía sobre la princesita, tan linda y que tan confiadamente dormía en su cuna, se sintieron conmovidos y tristes. Fue un momento de tristeza en que nadie sabía qué hacer ni qué decir y se hizo un absoluto silencio porque todos estaban apenados. Aquel fue el momento que aprovechó la joven hada que había permanecido escondida, para acercarse a la cuna y ofrecer su regalo, que fue como una esperanza que se abriera para los presentes.

—Mi poder no es suficiente para contrarrestar la maldición de mi compañera, pero sí puedo aminarlo. La princesita no morirá con el pinchazo del huso, pero se quedará dormida y no despertará hasta que transcurran cien años y un príncipe llegue a desencantarla.

Así fue que la fiesta, que tan feliz había comenzado, terminó tristemente. Las hadas se retiraron y la malvada hada del Tiempo desapareció después de su maldición y ya nadie pudo encontrarla.

A partir de aquel momento, el rey dictó un decreto según el cual quedaba terminantemente prohibido el uso de la rueca y el huso en todo el reino bajo pena de muerte. Ni que decir tiene que nadie osó desobedecerle y todos los husos fueron quemados públicamente en hogueras que se encendían en las plazas de todos los pueblos.

5

Bien pronto nadie recordó ni la forma del huso y hasta la palabra hilar desapareció de las conversaciones.

La princesita fue creciendo y era una niña bellísima, bondadosa, inteligente, simpática y caritativa, a la que todos amaban y todos estaban siempre prontos a servir.

Sus padres le daban todos los gustos y sus damas no se apartaban ni un momento de su lado, vigilando que en algún decuido pudiera pincharse. Como puede comprenderse, la princesita no había visto jamás un huso ni sabía que hubieran existido. Y así llegó el día en que cumplió los quince años, y sus padres, llenos de temor, redoblaron sus cuidados y su vigilancia.

Fue pasando el año felizmente y ya los reyes creían que si llegaba a consumirse el año sin contratiempos la maldición quedaría conjurada.

Entonces empezaron a pensar que había que buscarle un marido a la princesa, pues como no tenían otros hijos, ella debía heredar el reino y los dominios. Y entonces decidieron visitar un hermoso castillo que tenían en medio de un bosque y que hacía años no se habitaba. Ahora lo arreglarían y embellecerían para cuando, dentro de un año, decidieran la boda de la princesa con el príncipe de algún reino vecino.

Los reyes, la princesita y su séquito se trasladaron al castillo, y mientras por uno y otro lado se daban órdenes y revisaban todas las habitaciones, la princesita descubrió una estrecha escalera que conducía a algún piso alto desde el que debía disfrutarse de una vista muy bonita. Al final de la escalera había una puertecita que la princesa empujó, encontrándose en una alcobita con una ventana ante la que una mujer muy anciana estaba hilando. La princesa quedó maravillada ante aquella sueca y el huso, que no había visto nunca y que tan bien conseguía la lana en un hilo delgado con el que se podía tejer.

Tampoco conocía a la anciana y ello se comprenderá cuando sepáis que era la vieja hada del Tiempo, que vivía allí retirada sin que nadie lo supiese, y sólo salía cuando tenía que asistir a alguna fiesta importante. La princesita, después de saludarla amablemente, le preguntó qué era aquello tan bonito que estaba haciendo.

—Es un huso, princesita, y si queréis sostenerlo en vuestras manos, os mostraré su manejo.

—¡Oh, sí, buena anciana! Me gustará muchísimo. Déjámelo, por favor.

Apenas lo tuvo en su mano, se pinchó en un dedo y cayó al suelo sin sentido.

Pasó bastante tiempo antes de que los reyes se dieran cuenta de la falta de la princesita. Un paje la encontró desvanecida junto al huso y la rueca. Entretanto, el hada, cumplido su mal deseo, había desaparecido.

Los reyes en seguida recordaron la maldición que pesaba sobre la princesita, y llenos de tristeza pensaron que cuando su hija despertara al cabo de cien años, ya no volverían a verla. Todos estaban llenos de cohinción y el rey mandó un emisario en busca de la buena hada de la Felicidad para que les diera las instrucciones necesarias para el sueño de la princesita. El hada llegó al día siguiente. La bella durmiente había sido colocada en la más preciosa habitación de palacio, en un alto lecho de oro con dosel de seda y oro. Pero el hada, con su inteligencia, se dio cuenta en seguida de que la princesa, al despertar, se encontraría sola, sin comida y sin saber qué hacer y dispuso que se sirvieran en una mesa ricamente preparada estupendos manjares y deliciosas bebidas, que con su varita mágica encantó a continuación. Después hizo que una orquesta empezase a tocar y que damas y caballeros bailasen la contradanza, y cuando estaban en lo mejor del baile, los encantó también, así como a la

guardia y a los pajes. Llamó en seguida a los perros de la princesita y los durmió junto a su ama. Después dijo al rey y a la reina que se retiraran a sus habitaciones, y ya en ellas, quedaron encantados mediante la varita mágica del hada, con un sueño que había de durar cien años.

Pasó el tiempo, pasaron los años, y a medida que iban transcurriendo años y años la historia fue olvidándose. En un reino vecino vivía un príncipe joven y hermoso, muy dado a estudiar en los viejos libros. Hacía ya tiempo que la historia de la Bella Durmiente del Bosque le tenía preocupado. Y un buen día tomó provisiones para el viaje, y armas, y se puso en camino, decidido a descubrir el palacio encantado y desencantar a la princesita.

Anduvo muchos días por bosques intrincados, vadeó ríos, trepó a altas montañas y, al fin, cuando ya empezaba a perder las esperanzas, descubrió, en medio de un bosque muy frondoso, unas esbeltas torrecillas.

Sacó el hacha y el cuchillo de monte y, ¡zas!, en un dos por tres se abrió paso hasta encontrar la puerta. Esta se abrió misteriosamente a su paso. Entonces, lleno de emoción, fue recorriendo las estancias, que parecían recién limpias y arregladas. De pronto se halló en la sala de baile, y con gran sorpresa vio a las parejas en posturas de bailar, los músicos en acción de tocar y la mesa preparada. Siguió adelante y entonces, a sus ojos maravillados, apareció el alto lecho de oro en el que la princesita dormía dulcemente. Era tan hermosa y su rostro tan dulce que el príncipe no pudo contenerse e inclinándose sobre ella la besó en la frente. En aquel mismo momento, ella abrió los ojos y sonrió.

—¿Dónde estoy? ¿Quién eres tú, príncipe?

El príncipe la tomó de la mano para ayudarla a incorporarse y entonces vieron que todas aquellas damas y caballeros, repentinamente desencantados, se acercaban a

rendirles pleitesía, mientras los músicos empezaban a tocar una marcha nupcial.

El rey y la reina se acercaron también a su feliz pareja.

Como habían estado tanto tiempo sin comer, tenían mucha hambre y se sentaron todos a la mesa, donde después de haber comido todo lo que quisieron, brindaron en honor de la princesa y del príncipe, que entonces anunció sus esponsales.

El príncipe y la princesa no tardaron en llegar a la ciudad del príncipe y unos días más tarde se celebró la boda.

Y desde aquel día, la princesita, a la que todos llamaban la Bella Durmiente del Bosque, fue tan feliz, tan feliz, como ninguna otra princesita en el mundo.

